

## Unha breve biografía

Xosé Luís González Sende ([Padrón, 1972](#)), máis coñecido como Séchu Sende, escritor galego que se iniciou como poeta vinculado ao Colectivo Poético Serán Vencello, formando parte da [xeración dos 90](#) e que máis tarde se revelou tamén como un dos narradores de principios do século XXI. Foi un dos fundadores do proxecto editorial [Letras de Cal](#), no que publica o seu primeiro libro *Odiseas* en [1998](#). Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa, como sociolingüista foi co-fundador da Cooperativa Tagen Ata, Língua e Comunicación. En [2003](#) gaña o [Premio Blanco Amor](#) coa novela *Orixé*. O seu último libro é o conxunto de relatos curtos *Made in Galiza* ([2007](#)), que recibiu o Premio Anxel Casal ao Mellor Libro do Ano, concedido pola Asociación de Editores Galegos. Tamén é domador de pulgas no Circo de Pulgas Carruselo, máis coñecido como Galiza Pulgas Circus.

<http://www.galicia.wiki.org>



### A crítica dixo...

Unha ensalada de relatos directos, indirectos, críticos, pesimistas e esperanzadores como a situación do galego. O libro serve de crítica, e é que nel penso que só se salvan uns poucos. Dende pais galegofalantes que ensinan o castelán aos fillos, pasando polo menosprezo e indiferenza do idioma a actitude das campañas sociolingüísticas ata as xentes galegofalantes que mesturan lingua con ideoloxía. Concienciación, realismo serían dous elementos imprescindibles na composición do libro. Con ironía e algunha que outra dose de pesimismo, recoñezo que esta corrente é unha das favoritas e *O home do traxe gris* un dos relatos que máis me gustaron, reflicte a nosa situación, a da nosa lingua. Contos do día a día, *Falar* ou *Nin en soños vou perder a miña lingua* nos que dous cativos son vítimas da castelanización e do medo da súa aproximación; ata verdadeiros doces literarios como *O cabalo* e *a néboa* ou *A praia dos ourizos cacho* onde as palabras son metáfora, música, entornándose en espazos verdes do campo co seu río onde os soños daquel home a cabalo se ven interrompidos e acosados como a nosa lingua; unha praia de noite, onde soños se xuntan e desaparecen como o pobo que deixa e fala galego. Sons, paisaxes estridentes, frustradas pero onde o compromiso vela e velará pola súa supervivencia, a supervivencia da nosa lingua, da nosa Terra.

Mª Cristina Mosteiro Reboredo. 1º BAC (IES "Ramón Mª Aller")



### TEST: A LINGUA E TI

#### 1. Como foi a primeira vez?

- a. Non me acordo.
- b. Sentínme un pouco estraña/o.
- c. Aínda non me atrevín.

#### 2. Se a lingua galega fose un animal sería...

- a. Un poni.
- b. Unha boa constritor.
- c. Un ornitorrinco.

#### 3. Para ti que é a diglosia?

- a. Unha enfermidade mental.
- b. Un conduto do intestino delgado.
- c. Ns / nc.

#### 4. Estás coa túa parella que acaba de chegar de Toronto e pídeche que lle digas cousas eróticas en galego...

- a. Por suposto, con toda naturalidade.
- b. Depende de como mo pida.
- c. Non che sae.

#### 5. Sabes quen é Yolanda Castaño?

- a. Unha presentadora de televisión.
- b. Unha actriz famosa.
- c. Non.

#### 6. O mellor de falar galego é...

- a. Que ligas o que queres.
- b. Poder traballar na Xunta.
- c. Ns / nc.

#### RESULTADOS:

**Maioría de c:** *Lévaste francamente mal coa lingua galega. Formas parte dese grupo de xente para quen o galego é unha lata, ou simplemente, pasas do tema.*

**Maioría de b:** *Tes unha relación amigable coa lingua. Mais estás un pouco insatisfeita. Non te acabas de lanzar... Confía un pouco máis na lingua galega: non che fallará.*

**Maioría de a:** *Tocouche a lotaría. Es desas persoas afortunadas que vive o idioma con naturalidade. Non esquezas un pouco de inconformismo. Moita sorte.*

Normalmente a primeira vez que outra persoa entra no noso corpo, é coa lingua. Si, pode ser que antes lle chuchemos o dedo a alguén ou que lle mordamos o lóbulo da orella, mais son as nosas linguas as primeiras que nos exploran por dentro en serio, de verdade. A nosa lingua é unha das principais vías para o coñecemento humano.

Por iso é difícil esquecer a primeira vez que lle metes a lingua a alguén, a primeira vez que unha lingua entra na túa boca. Porque non deixa de ser a primeira vez que lle permitimos a outra persoa entrar dentro nosa. Ao descubriremos a nosa intimidade, coa lingua expresamos a nosa identidade. A que non sabías que durante un beixo se moven 29 músculos? E que os batimentos cardíacos aumentan de 70 para 150 e melloran a oxixenación do sangue? Si, o beixo beneficia o corazón. E ademais adelgaza. Nun bo morreo gastamos preto de 12 calorías!

Tamén é importante saber que o morreo é cousa de dous. Un morreo é un diálogo entre papilas gustativas, entre a lingua e o ceo do padal, entre o cusp e os dentes. E nun diálogo entre dúas persoas hai que dar e recibir, ofrecer e aceptar, avanzar e retroceder, facer ruído e gardar silencio, entrar e saír. Morrear é unha das máximas expresións da comunicación humana. O proceso de normalización da lingua galega é un proceso comunicativo confitivo. Os axentes sociais mais críticos denunciámos a ineficaz política lingüística da administración, o desprezo dos media ou a eficacia da escola para desgalleguizar as novas xeracións. É un proceso no que o enfrontamento e a queixa son continuos. A perda da lingua é un drama, abofé. Mais que pasaría se ligásemos o discurso da normalización da lingua ao pracer? Se falseásemos desde o discurso da satisfacción e a analoxía do bico? Un pouco de humor tamén é necesario e podemos falar de cousas serias cun sorriso nos labios. Estábamos falando de beixos con lingua... Eís a Guía Sexual da Sociolingüística.

1. Esixamos para a nosa lingua o mesmo pracer do que goza calquera lingua.
2. Se aínda nunca o fixeches busca alguén con quen te sintas cómoda ou cómodo e adiantel! Aínda que ás veces facelo con persoas descoñecidas, así de supeto, resulta mellor.
3. O proceso de normalización é un proceso social que parte de cada persoa e que se basea no intercambio de comunicacións. Podemos facer moitas cousas en solitario..., mais non nos podemos morrear a nós mesmas.
4. Se teu pai e túa nai non che aprenderon nin che dixeron como se fai, non pasa nada... Aínda estás a tempo de aprender pola túa conta.
5. Sobre este tema sempre houbo -e hai- tabús, falsos mitos, pouca información e moita ignorancia... Pasa dos prexuízos doutros tempos e adiante.
6. Hai xente á que lle gustaría probar porque intúen que lles vai gustar mais..., dálles corte! Non te acovardes, desinhibete e goza coa lingua.
7. Aínda hai xente que pensa que darlle á lingua non é fino e xente que pensa que é un pouco vulgar... He, non teñen nin ideal!
8. A lingua é un instrumento imprescindible para relacionámonos, integramos, darnos a coñecer e coñecer xente. Sen non usas a lingua fechas portas. Non sexas pechado ou pechada.
9. Pode ser un rollo dunha noite. Ou unha relación para toda a vida.
10. A eficacia da lingua depende da práctica. A lingua mellora co uso. Ninguén nace aprendído!
11. Hai persoas que teñen problemas psicolóxicos que lles impiden darlle á lingua con normalidade. Eses problemas -identificados pola Sociolingüística como diglosia, autoodio...- teñen solución.
12. Hai persoas que teñen problemas ideolóxicos que dificultan ou impiden o uso natural da lingua. Esas problemas teñen mais difícil solución...
13. Isto tamén é un feito cultural. Respecta a cultura da túa sociedade. Se vivísamos no polo norte entre esquimós sería normal dámonos os beixos chocando o nariz.
14. Hai persoas que consideran que a súa lingua é máis útil, máis áxil, máis atractiva e mellor. A ignorancia non ocupa lugar.
15. O morreo, como a lingua, non diferencia as persoas, é democrático: non debe discriminar por idade, raza, sexo, clase social ou lugar de nacemento.
16. É bo para a saúde e para a túa calidade de vida persoal e social. Unha habilidade necesaria no mundo de hoxe.
17. Hai quen pensa que son as linguas as que lles dan prestixio ás persoas cando realmente somos as persoas as que prestixiamos ou desprestixiamos a nosa lingua. E se nós non valoramos a nosa lingua, quen o vai facer?

A lingua é a mellor forma de descubriremos e descubrir outras persoas. O mellor é ter como obxectivo vivir a nosa lingua como a nosa sexualidade: de forma libre, satisfactoria, consciente, responsable e saudábel. Con normalidade!

Mira nos Blogues:

<http://www.blogoteca.com/madeingaliza>  
<http://circodepulgas.blogaliza.org>



**Guía de lectura [nº 2]**  
Made in Galiza de Séchu Sende

### Esta guía

Co proxecto LeA Casa, propoñemos o intercambio e a reflexión dentro dos grupos familiares, partindo dun libro. Con esta guía, ofrecemos unha serie de datos e suxestións de

lectura para algúns relatos. Non é unha guía exhaustiva, nin pretende meterse en análises técnicas ou estilísticas.

O noso poder como lectores é universal e universalmente temido [Roberto Manguel]

# A mazela tarabela

Boletín da Biblioteca do Instituto "Ramón María Aller Ulloa"

Nº 9

Febreiro-09





# Made in Galiza: algunhas suxestións de lectura

## Falar


O problema que teño é que, por exemplo, mamá cando fala de min con papá di A nena está esperta e de repente vén onda min e dime: Ay, mi niña, que ya despertó, ya despertastes, Clara? E eu sei que Clara son eu, mais aínda non sei porque me chama Mi niña se eu son A súa nena. Papá fai o mesmo...

Rula polo menos sempre fala igual.

Eu é que a meus pais non os acabo de entender. De momento vou esperar un pouco, a ver se se aclaran. Aínda que, se non queren que fale como eles, as súas razóns terán. Digo eu...

**Propostas:** En que lingua aprenderon a falar os distintos membros da familia? Cal é o espazo máis importante na transmisión da lingua? Fíxate no teu contorno, en que xeración se rompeu a transmisión do

■ só castelán ■ máis castelán □ As dúas □ Outras



galego?

Curtimetraxe

- Ola -dixo Lucía.
- Ola -dixo Marcos.
- [...]
- Ahá.
- Uf, está diluviando...
- Se queres collerme do brazo...
- Si, vai ser mellor... Por certo, que tal estaba o teu pexego?

**Proposta:** Lembramos en que lingua principiamos a nosa relación coa parella coa que actualmente compartimos vida? E hoxe, que lingua empregamos habitualmente coa parella?

En ti en que lingua ligas?

## Na oficina de obxectos perdidos

-Oh, a ver, si, si, ola, ola, probando, probando, si, é a miña lingua, a ver, lus felís, eu, eu, un, dous, tres, ouh, que alegría! Sabe, pensei que a perdera para sempre. Eu é que non sabía que tiñan aquí esta oficina e cando mo dixeron... Hoxe mesmo lle digo á miña muller que veña ver se atopa a súa, sabe, ela tamén a perdeu hai anos, e agora, agora, en fin..., é que imos ter unha nena e..., xa sabe, queríamos que falase...

**Propostas:** Que lingua temos como inicial? Utilizamos habitualmente a outra lingua? Temos prexuízos sobre as persoas que empregan a "outra" lingua?

O hábitat urbano presenta certa hostilidade ante o desexo de usar o galego. Como percibimos esa circunstancia?

## O ladrón de palabras

Dise que a xente para protexer as palabras e gardalas en segredo mesmo as deixou de escribir. E que por medo ao ladrón de palabras moitas persoas, desconfiadas, durante séculos só pronunciaban as súas palabras coa familia ou entre xente amiga.

**Propostas:** Estase perdendo a pureza da lingua? Temos cada vez máis castelanismos?

Podemos "meter a pata" se evitamos determinados castelanismos ante falantes tradicionais?

## Instrucciones para empezar a hablar gallego

Conseguido o noso obxectivo, descubrimos de maneira sorprendente que, contra o que pensa algunha xente, para falar galego non é imprescindible ser independentista nin necesario ir vivir a unha aldea.


**Proposta:** Hai unha identificación entre empregar o galego en ámbitos cultos e unha determinada ideoloxía (galeguismo de esquerdas ou independentismo)? Como pode afectar isto ao futuro do idioma?

## Nin en soños vou perder a miña lingua

Eu non comprendo como se pode perder unha lingua. De verdade que non o comprendo. Como pode perder alguén a súa lingua? Parece increíble. Aínda que se toda a xente fala diso, debe de ser certo... Eu por se acaso espero non deixar de falar nin en soños. Ha! Nin en soños vou perder eu a miña lingua!

**Proposta:** Prodúcese unha progresiva desgaleguización nas vilas e cidades? Como se poderían recuperar eses

## Lingua inicial nas sete cidades (MSG, 04\*)



## A lingua máis difícil

Naquel país, pequeno e practicamente descoñecido, había xente que tardaba anos e anos en se botar a falar na súa lingua. [...]

Descubriuse mesmo xente que nunca chegou a falar na súa lingua...


Era tan difícil que nas escolas mesmo había profesores e profesoras que non conseguían falala.

Era tan difícil que case ninguén lle chamaba polo seu nome, por poñer o caso dunha palabra de uso común e corrente, ao cuberto cóncavo co que se come a sopa.

**Propostas:** Hai xente que se escuda nun mal "coñecemento" da lingua para non usala?

É máis complicada a aprendizaxe da lingua galega que a do castelán ou do inglés?

## Lingua inicial por idade (MSG, 04)



## Falar en soños

Sempre o soubo, que unha parte considerábel das palabras que pronunciaba saían da súa boca mentres durmía.

**Proposta:** Os idiomas cumpren funcións internas: neles organizamos o noso pensamento. En que idioma soñamos?

## As nubes

Hoxe a xente levaba nubes na cabeza. Quero dicir que pola rúa, no supermercado ou no autobús a xente tiña unha nube sobre os ombros en vez de cabeza.

**Proposta:** Somos como rabaños, vivimos nunha sociedade facilmente manipulábel, somos como nubes que o vento leva ao seu antollo. Coidas que o uso da lingua propia de Galicia contribúe a reafirmar a personalidade grupal, identitaria?

## Madrid

Hay mucha gente que piensa que el castellano es una lengua atrasada, poco fina, y a muchas personas les da vergüenza hablarlo, les da corte. Hay gente de aquí, de Madrid de toda la vida, que dicen que el español no se les da nada bien, que es muy difícil o que se ven raros hablándolo.

**Proposta:** Non queiras para os demais o que non

queres para ti.

## Es unha desas persoas que sempre buscan excusas?

- Dáme corte...
- Es que no me sale...
- Es que me suena mal...

**Propostas:** A publicidade ao servizo da promoción do idioma. Que pensas do labor que desempeña a Dirección Xeral de Política Lingüística? Quizais nunca oíches falar de tal organismo.

Hai xente que sente vergonza falar en galego?

## Eu nunca serei yo

Eu nunca serei yo

**Propostas:** Microrelato que sintetiza a autoestima na lingua propia: o galego. O ego identitario. Como é o noso ego con respecto á nosa lingua?

## Dióxenes

Se cada 100 quilómetros morren 20 animais ao día -sen contar os insectos e outras especies difíciles de contar-, pensou, en 16.950 quilómetros morrerán X animais ao día.


**Propostas:** Xogo entre matemáticas e lingua. Metáfora sobre a morte das linguas. Segundo datos da UNESCO, cada ano morren entre 25 e 30 linguas no mundo, e o 90% extingúese irremediamente nos vindeiros cen anos, ao mesmo tempo assistimos ao nacemento ou consolidación doutras, especialmente os denominados crioulos ou pidgins. Cal coidas que será a lingua máis falada en Galicia dentro deses cen anos?

## Nh positivo

-Pois eu que queres que che diga... A min chamáronme para traballar aquí, en Galicia, alá polo século XIX, que xa estivera eu de paso por aquí na Idade Media, e iso, como no Rexurdimento necesitaban letras para escribir en galego, e como eu xa tiña experiencia polo español, pois comecei a aparecer nos libros e xa vedes, non parei de traballar.

**Propostas:** Liches algunha vez un texto ou libro en portugués? Consideras que o coñecemento do galego facilita o achegamento ao portugués? Cres que

% de habitantes de Galicia que consideran boa a súa competencia lingüística (MSG, 04)



galego e portugués deberían empregar a mesma grafía?

## A primeira boneca que fala galego

-Pois si, eu son a primeira boneca que fala galego porque o certo é que había esa necesidade: Hai moito tempo que a xente esperaba poder ter unha boneca que dixese Quero facer pis, ou Dáme un bico, dáme un beixo, ou Querote moito... Ademais parece ser


que cada vez hai menos pais e nais que falan galego cos fillos ou as fillas e xa ves, aquí estou eu...

**Propostas:** A industria do ocio atende á infancia galega falante? Ou está discriminada?

## As linguas de fume

-Que chungo, eu vou deixalo, tios, eu paso de malos rollos, déixoo xa, this is the end, finish, stop, bay bay, the end, tios. Mecago no Suso do carallo, a merda que nos meteu!

## Lingua inicial por hábitat de nacemento (MSG, 04)\*



■ só galego ■ máis galego □ máis castelán □ só castelán ■ outras

-Era único, colegas...

**Propostas:** Unha droga para ser poliglota? E será que as linguas non matan, senón que morren?. E se houber unha droga para a aprendizaxe de linguas, tomaríala? Era boa é...!

## O home que agardaba que lle dixesen o que tiña que facer

Foi pouco a pouco e complicado, mais despois de varios meses comezou a descubrir o que quería. Ao primeiro, ás veces equivocábase, como aquel día que predeu todas as luces de día. Ou facía cousas aparentemente sen sentido, como aquel outro que meteu o tractor na igrexa.

**Propostas:** Es libre de empregar a lingua da túa elección? Que te pode condicionar?

## O paracaídas


E aquí estou a vivir con esa xente, que disque son os meus. Eu desconfíei deles desde o principio porque veña a dicir que son a miña familia e, para empezar, xa nin falan como falo eu. Eu falo como sempre falei...

**Propostas:** Pódeste sentir estraño no teu propio país?

## Estou contigo

Supoño que todo tería sido diferente se aos dezaseis anos non decidise achegarme a ti. Non se trata de saber exactamente por que, senón de recordar que un día descubrin que non podía seguir vivindo sen estar contigo. [...]

E quería dicirte que estou contigo, miña lingua.



Lingua habitual en Galicia (MSG, 94)\*